

A LEIRA DOS TRASNOS

IES DE MONTERROSO



*Revista estudiantil
2023-2024*

VELLA
ESCOLA
@DOCTORTO

CONTIDOS

03_Samaín. Trasnos escritores. Relatos de terror.

05_Trasnos artistas. Postais de Nadal.

06_Trasnos investigadores. Latín vivo.

09_Entroido.

10_O que si funciona no amor.

11_Proxecto Arcade.

12_Club de xogos de mesa e videoxogos

12_Lecturas guiadas do departamento de castelán.

13_Clubs de lectura.

14_Trasnos artistas. Xogamos.

15_Trasnos artistas. A biblioteca lugar de convivencia.

16_Trasnos artistas. Portadas de libros e exposicións ópticas.

17_Trasnos artistas. Plantando árbores con pinceis.

18_Trasnos artistas. Mulleres bravas.

19_Exposición Letras Galegas.

20_Trasnos artistas.Homenaxe a Luísa Villalta.

21_Caligramas Letras Galegas

23_Conferencia Xavier Senín




24_Somos incívicos?

26_Adeus.

28_Camiño de Santiago.

29_Intercambio.

31_Refréscate lendo.



Comeza o curso, chega o San Miguel e mentres non chega a Feira de Santos os nosos trasniños aproveitan para escribir uns preciosos relatos que presentan ó concurso de Relatos de Terror que todos os anos convoca o EDLG.

O xurado tivo moi difícil a escolla dada a cantidade e calidade dos relatos. O primeiro premio foi para Iria Vázquez López (4º ESO A) e no segundo premio empataron Sara Vázquez Rodríguez (1º ESO A) e Saúl Cid Seijas (4º ESO A)

RELATOS DE TERROR

A CAZADORA DA ESCURIDADE

Corría, pois non sabía que máis facer. Estaba segura de que a temperatura ao seu redor era baixísima, pero apenas sentía frío, o medo impedíallo. O bosque conxelábase ao seu redor, a neve renxía baixo os seus pés facéndoa avanzar case a saltos para non quedar enterrada. A roupa insuficientemente abrigosa quedábase pegada ao seu corpo debido á suor fría que a percorría facéndoa tremelicar. A súa respiración estaba axitada pero de pouco lle servía, pois cada vez que introducía nos pulmóns aquel aire xeadado sentía que aínda lle faltaba máis o alento. Non se atrevía a mirar atrás. Seguía, diso estaba segura, a súa presenza era inconfundible. Case podía imaxinar aqueles ollos furiosos escudriñando na neve en busca das súas pisadas. Tamén podía sentir a súa serenidade, esa seguridade que lle producía saber que a atoparía fixera o que fixera. Pero o cansanzo venceuna, tropezou cunha pedra e caeu ao chan. Era incapaz de levantarse, pois unha dor aguda atravesoulle a perna como o fío dun coitelo. Arrastrouse sobre a húmida superficie nevada ata chegar a unha árbore, para apoiar as costas nela. Tratou de mover a perna e outro lategazo de dor fíxoa afogar un berro. Debería de ter sido máis coidadosa, debería de ter evitado poñerse en perigo daquela forma, o que descubrira condenárala para sempre...

Aquela sempre fora unha vila cunha historia repleta de tradicións curiosas, mitos extravagantes e lendas escuras. Esta poboación oculta entre montañas pasaba invernos longos e fríos e veráns curtos e tórridos. Eran poucos os mapas que a situaban e menos aínda as persoas que a visitaban, debido á súa cultura pechada pouco amiga das visitas. Estaba rodeada dun frondoso bosque que a afastaba quilómetros da vila máis próxima, e entorno a esta inmensa extensión de altas árbores xiraba unha das máis arraigadas tradicións da vila, ou máis ben, entorno a aquilo que se ocultaba no seu interior. O fundamento da lenda era completamente descoñecido, ninguén sabía se era certo ou unha simple invención, pois cómpre recordar que as lendas non son sempre fieis á realidade, pero cómpre recordar tamén que habitúan ter ese punto de lexitimidade que fai xustiza ao suceso que relatan. Neste caso tratábase da historia dunha criatura fantástica que habitaba os confíns daquel bosque, un ser arrepiante de aparencia descoñecida que rondaba os escuros recunchos do bosque e que atacaba a aquel que se atrevía a traspasar os seus límites. Moitos afirmaban telo visto, uns porque de verdade o crían, outros por facerse os interesantes, pero todos tiñan unha cousa clara, era horrible. O primeiro suposto encontro con este suposto ser acontecera facía xa moito tempo e dende entón creárase unha tradición na vila que duraba ata aqueles tempos, a denominada "Caza da Escuridade" era unha noite cada catro anos na que os veciños da vila se adentraban no bosque con todo tipo de armas para tratar de atopar aquela estraña e esquiva criatura, pero nunca deran con ela, e a tradición converteuse co paso dos anos en algo máis simbólico, aínda que sempre había quen esperaba de verdade atopar algo no interior daquel bosque cambiante, que respiraba e sentía coma un máis dos habitantes do lugar a presenza daquela sombra.

É ben sabido que as noticias corren como a pólvora, e máis rápido chegan aínda a oídos daqueles que están dispostos a escoitalas. Foi así como a noticia chegou ata esa rapaza que nunca deu o seu nome, que sempre mantivo en segredo tanto a súa identidade como as súas intencións. A moza loura, que non debía superar por moito os vinte anos de idade chegou á vila un día coma calquera outro, de non ser porque non era un día coma calquera outro, era a véspera da noite da Caza da Besta, deixando sorprendidos a todos os veciños, pouco acostumbrados a recibir visitas. A beleza da moza era innegable, tiña unhas faccións delicadas e unha figura alta e delgada. Aloxouse nun piso que lle alugaron uns propietarios e creou grande expectación entre as ben laretas mulleres que tomaban o café cada tarde para falar das vergoñas dos seus veciños.

—E que fará unha moza tan guapa perdida aquí, no cu do mundo?—preguntou unha das señoras.

—Non che sei, non che sei, pero de seguro non che trae nada bo...—contestoulle outra.

—Ay, pero que dis muller... Se parece moi agradable.

—Agradable si, pero sospeitosa, haiche algo na súa mirada que non me gusta un pelo...

E iso que só viran á rapaza baixarse do taxi que a trouxera ata alí e entrar no portal.

—Pois eu, que queredes que vos diga? A min sóame a súa cara en non che sei de que—uniuse outra á tertulia.

—Pero a ti que che vai soar, oh, se nunca na vida saíches da vila, e rostros tan fermosos aquí nunca se viron.

As mulleres escacharon a rir e comezaron co seguinte rumor seguindo como sempre a orde do día.

Nese momento entrou pola porta da cafetería a misteriosa rapaza, moi seria. E non sorriu tampouco cando se achegou ás tres mulleres e lles preguntou:

—Desculpen vostedes a interrupción, pero podería facerlles algunha pregunta?

As señoras miráronse sorprendidas entre elas e asentiron ao tempo que poñían todas o máis finxido dos seus sorrisos.

—Pois claro, senta aquí.

A rapaza sentouse e sen mediar palabra comezou a preguntar xusto á muller que lle quedaba de fronte:

TRASNOS ESCRITORES

—E que é o que sabe vostede da besta do bosque?

—E eu que vou saber mociña? Nunca na vida me atopei con ela e espero non facelo—respondeu rindo con nerviosismo.

A situación estaba poñéndose moi estraña, as mulleres non entendían por que a moza quería saber iso.

—Asume entón que existe?

—Mira, unha cousa che vou dicir, pode que non sexa un monstro, pode que non sexa unha ameaza, pero algo hai. E desculpa a indiscreción...pero por que che interesa tanto o tema?

—Vin aquí por iso. Estou interesada na tradición do pobo por motivos...persoais. Podería algunha de vostedes dicirme que é o que hai nese bosque?

Miráronse de novo entre elas, detalle que para a rapaza pareceu pasar desapercibido.—Non sei o que, pero se non o sei eu que levo vivindo toda a miña vida aquí dubido moito que ti sexas capaz de atopalo nunha noite. Este bosque está vivo rapaza, respira, sente e esconde segredos moito máis grandes do que podes imaxinar, é mellor que non metas o fociño naquilo que non te incumbe—respondeu unha das outras mulleres que permaneceran caladas. Foi a mesma que desconfiara da rapaza dende un principio.

O ton brusco empregado pola muller sorprendeu en certo modo á moza que compuxo un sorriso un tanto tenso e despediuse delas cun mero "gracias" antes de saír da cafetería. Se todo o mundo da vila era así non o tería fácil para dar coas respostas. A muller díxerlle que non se metera non que era da súa incumbencia, pero aquilo era da súa incumbencia máis ca de ninguén.

Conseguíu falar con algún que outro veciño, todos moi ariscos e receosos. Finalmente atopouse cun grupo de rapaces que lle contaron os detalles da Caza da Escuridade, tivo que conterse para non botarse a rir. Aquelas persoas non tiñan nin idea, pretender matar unha sombra do calibre daquela cun fociño, realmente ridículo. Por sorte ela estaba preparada e esa noite conseguiría dar co monstro, sentía a súa presenza, era realmente forte.

Esa noite os veciños da vila reuníronse todos diante do bosque nevado, facía moitísimo frío, pero eso non os detivo para botarse de noite ao bosque en busca dese ser descoñecido. A ninguén sorprendeu que a rapaza de cabelos louros e rostro serio se presentase alí tamén, conseguindo que os rumores ao seu redor se acentuaran sen ningún tipo de disimulo. O alcalde do pobo deu un inspirador discurso e sen máis dilación comezou a caza.

...sentiu pisadas sobre a neve, unha respiración entrecortada. Atopáraa, estaba perdida. Tratou de berrar pero non lle saían as palabras da gorxa. Estaba desesperada. Tratou de moverse e sentiu como o sangue lle esvaraba pola perna. Entón dun só salto aquel ser monstruoso apareceu diante dela e...

—PAPÁ, PAPÁ!—berrou o neno.

O pai asustado pensando que algo malo lle acontecera achegouse ata onde estaba o neno e preguntoulle moi aflixido:

--Que pasa? Estás ben? Mancáchete?

—Non, non—dixo o pequeno.—Estou ben, pero mira eso...

A neve estaba salpicada de sangue nunha zona, xusto ao pé dunha árbore e unha enorme pisada estaba marcada, tratábase dunha pisada demasiado grande para pertencer da de un animal normal. Era unha gadoupa de dimensións monstruosas. O home chamou polos demais e todos miraron atemorizados o descubrimento. —Cando buscas algo rematas por atopalo...—murmurou un dos homes.

Ninguén volveu saír nunca ao bosque que rodeaba ao completo a vila de noite e ninguén volveu saber nunca nada da rapaza misteriosa que chegara á vila en busca de respostas sobre aquela estraña criatura. Ninguén descubriu porque se presentara alí, como ninguén descubriu que foi o que a fixo marchar. Os máis optimistas imaxinaron que marchara da vila, pois case parecía que se esfumara, pero todos a coñecían alí xa como a rapaza que tratara de coller a penumbra coas mans sen caer na conta da facilidade coa que esta esvaraba entre os dedos, todos a coñecían xa alí como a Cazadora da Escuridade.

Iria Vázquez López

4º ESO A

1º PREMIO

2º PREMIO


2º PREMIO



Iria Vázquez López
4º ESO A



Sara Vázquez Rodríguez
1º ESO A



Saúl Cid Seijas
4º ESO A

POSTAIS DE NADAL

O alumnado do IES de Monterroso quixo felicitarnos o Nadal cunhas preciosas postais que incluían un lema en galego e que presentou ó concurso convocado polo EDLG. O xurado tivo moi difícil a escollo dada a calidade dos traballos. Estas postais expuxéronse nun taboleiro na entrada do IES.

O primeiro premio foi para Thais Otero Veiga (2º ESO A) e o segundo para Claudia García Prado (2ª ESO B)

**1º premio Postais de Nadal
Thais Otero Veiga 2º ESO A**



**2º premio Postais de Nadal
Claudia García Prado 2º ESO B**




TRASNOS INVESTIGADORES

Actividades realizadas polo alumnado de latín e grego de 1º de Bac. indicadoras da pervivencia actual da cultura grecorromana:


Mural con motivo do Día da tradución:



Evocando o cómic:



Uso actual do latín:



Mitoloxía na ciencia:

ODISEO

Na noite de San Valentín do 2024, coma unha frecha saída do arco de Cupido, foi lanzada con éxito 'Odiseo', a nave coa que EE. UU. quere volver á Lúa medio século despois desde a misión Apolo 17 no 1972.

Na mitoloxía grega, Odiseo (nome romano, Ulises) foi un dos grandes heroes panhelénicos. Era fillo de Laertes e Anticlea e o rei de Ítaca. Casado con Penélope, tamén tivo un fillo, Telémaco. Fíxose famoso polo seu valor, intelixencia e liderado, aspectos decisivos para a vitoria grega na guerra de Troia. Tras ese conflito, Odiseo foi o protagonista de numerosas aventuras fantásticas no poema épico, a Odisea de Homero, a longa viaxe de volta a casa, Ítaca.

BISIESTO


Este 2024 durará 366 días en vez de 365 por ser bisiestro. Este termo ten a súa orixe na antiga Roma. Está relacionado coa corrección do calendario xuliano, implementado por Xulio César no 46 a.C.

A palabra "bisiestro" provén do latín "ante diem bis sextum kalendas Martias" que significa "repetir o sexto día antes do primeiro día de marzo" (as kalendas eran o 1º día de cada mes no antigo calendario romano). Isto refírese á práctica de engadir un día extra cada catro anos despois do 24 de febreiro (o sexto día antes do comezo de marzo segundo o calendario romano) co fin de corrixir a desviación que se producía entre o ano solar real e o ano do calendario. No calendario gregoriano, empregado actualmente, este día situouse ó final de dito mes.

O calendario xuliano introduciu o concepto de ano bisiestro para compensar a diferenza entre o ano solar (a cantidade de tempo que tarda a Terra en completar unha órbita arredor do Sol, aproximadamente 365,25 días) e o ano do calendario de 365 días. Sen a adición dun día cada catro anos, o calendario desfazaríase gradualmente con respecto ás estacións.

Aínda que o sistema de anos bisiestros foi modificado máis tarde coa introdución do calendario gregoriano en 1582, o termo "bisiestro" mantívose para referirse aos anos que teñen un día adicional para manter aliñado o calendario co ano solar.

Mitoloxía na arte:



Mitoloxía na astronomía:

ALINEACIÓN DE PLANETAS

Entre os espectáculos que nos ofrece o ceo nocturno, podemos disfrutar da alineación aparente de tres planetas: Venus, Marte e Mercurio.

Na mitoloxía grecorromana Venus era a deusa romana do amor, da beleza e da fertilidade, equivalente á deusa grega Afrodita. Representaba non só o amor romántico senón tamén a atracción física e o encanto persoal. A súa figura era venerada tanto en prácticas relixiosas populares como nas máis elevadas. Co tempo, a súa imaxe converteuse nun símbolo duradeiro de feminidade.

Marte era o deus romano da guerra, equivalente ao deus grego Ares. Representaba non só a guerra física senón tamén a protección do estado e a forza dos exércitos. O seu culto incluía numerosos festivais e rituais destinados a asegurar a seu favor antes de emprender conflitos.

Mercurio era o deus romano do comercio, dos viaxeiros e dos ladróns, equivalente ao deus grego Hermes. Representaba a habilidade e a astucia necesarias para o comercio e as transaccións. Tamén era o mensaxeiro dos deuses. A súa iconografía típica incluía o caduceo, un bastón entrelazado con serpes e ás veces adornado con ás, símbolo da súa rapidez e capacidade para moverse libremente entre os mundos.


ENTROIDO

O tempo pasa voando e case sen darnos conta chegamos ó Entroido. Este ano a xente tiña gana de festa e tanto alumnos como profesores e persoal non docente decidiron lucir os seus disfraces. Algúns presentáronse ó concurso e outros simplemente fixeron festa.

Os trasiños de 1º da ESO tamén buscaron información sobre o Entroido e non só aquí na zona senón tamén do Entroido de Xinzo, da Ulla, do Ribeirao de Chantada, de Laza, ... Tivemos tamén a sorte que os rapaces de Brasil, Colombia e Perú nos contaron como é o Entroido no seu país de orixe.

Estes trasnos sonche o perello e para poñernos a boca doce buscaron receitas de pratos típicos desta época (cocido, filloas, chulas, orellas, flores...) e tamén soubemos cales eran os pratos típicos de Brasil, Perú e Colombia.

Estes traballos expuxéronse no Recuncho das verbas.





**O QUE SÍ FUNCIONA
NO AMOR**



**RECIPROCIDADE
DOU E RECIBO
EN EQUILIBRIO
DENDE A
IGUALDADE**

**ADMIRACIÓN
EU ADMIRO ALGO DE
TI
TI ADMIRAS ALGO DE
MIN**



**RESPECTO
DEIXAR FACER,
DEIXAR SER**

**SE HAI MEDO NON
É AMOR**



Janaina y Saúl

Proxecto competencial 4º ESO

25N Día mundia en contra das violencias de xenero

Proxecto "Break Arcade"

Durante este curso, alumnos do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes desenvolveron unha máquina recreativa arcade para que todos os membros do instituto poidan xogar durante os recreos a algúns dos videoxogos máis populares e tradicionais das máquinas recreativas.



Os alumnos desenvolveron a máquina desde cero, empregando compoñentes de ordenadores do noso taller. Aplicaron os coñecementos adquiridos nos diferentes módulos do ciclo para montar os compoñentes, instalar o software necesario e deseñar a aparencia da máquina. Tamén aprenderon a conectar a máquina por rede para poder controlala de forma remota.



CLUBE DE XOGOS DE MESA e VIDEOXOGOS

LECTURAS GUIADAS DO DEPARTAMENTO DE CASTELÁN

Durante este curso, os alumnos interesados en xogos de mesa e videoxogos participaron na biblioteca nos leceres dos vernos a creación dun novo Clube, o **CLUBE DE XOGOS DE MESA E VIDEOXOGOS** coa colaboración do profesor de Lingua Castelá, David. Neste Clube estivemos coñecendo xogos de mesa de temática diversa de cartas coma o *Pseudónima*, de preguntas coma o Trivial Pursuit, de taboleiro coma o Parchís ou a Oca, culturais como Literatour ou Dixit. Tamén puidemos probar videoxogos independentes e culturais vencellados a materias do instituto coma a historia, a bioloxía, as artes plásticas, a filosofía ou a literatura coma Kingdom Come Deliverance, Endling, Gris, The Stanley Parable ou Storyteller.

Nestas sesións didácticas coñecemos diferentes formas de aprender de maneira lúdica grazas a gamificación ou os xogos en equipo. Como colofón do curso tivemos unha oportunidade única de ir ao **Museo Interactivo do Videoxogo (MUVI)** a Cangas xunto con parte do alumnado do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes. O MUVI é o único museo do videoxogo que existe en Galicia e un dos poucos que existen en España. Ademais de visitar o museo e probar as súas máquinas, os alumnos participaron en dous obradoiros nos que puideron ver a gran influencia que teñen a literatura e os ordenadores na creación de videoxogos.



Vencellado con isto, o departamento de Lingua Castelá fixemos traballos grupais coas lecturas trimestrais facendo murais interartísticos no primeiro trimestre de *Mitos griegos* ou *Flor de Leyendas*, unha obra de teatro interdisciplinar de *Las piernas de Amaidú* (actores, vestuario e utilería) ou un xogo de mesa do *Quijote* coa axuda do departamento de Artes Plásticas e uns libros-cadernos no 3º trimestre baseados na metodoloxía Freinet pero tomando as ideas do filme analizado na clase de *El maestro que conoció el mar* e as lecturas guiadas do trimestre conmemorando o día do Libro e o día do Medio Ambiente. Para máis información, podedes ver algunhas fotografías de todos os traballos feitos polo alumnado de 2º de ESO-A/B e de 3º de ESO-B.



CLUBS DE LECTURA

Hai uns trasniños moi traballadoriños ós que lles gusta moito ler e por iso se apuntaron ós clubs de lectura de 1º e de 2ª ciclo. Este curso tamén houbo un de adultos (pais, nais, titores/-as, profesorado, persoal non docente...) Leron libros en galego e castelán: *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz , *El guardián entre el centeno* de J. D. Salinger, *O que sei do silencio* de Andrea Maceiras, *Alguien es el siguiente* de Karen M. McManus, *Corredora* de María Reimóndez , *Matilda* de Roald Dahl, *O agasallo* de Anya de Núñez Singala, *La hija de la noche* de Laura Gallego, *Aldara*, *A lenda do cervo branco*, de Inés Vázquez ...)

As reunións facíanse todos os últimos venres de mes e nelas comentábase o libro. O último xoves tamén había unha reunión, neste caso para gozar dun chocolate con churros como premio.



Xogamos ?

Como xogando tamén se aprende, este curso os rapaces de 3º crearon diferentes xogos : dous de parellas "Na Memoria" sobre escritores/-as galegos/-as homenaxeados no Día das Letras Galegas, e "Muller" tiñas que ser , sobre diferentes mulleres e as súas profesións.






Tamén crearon un xogo de preguntas e respostas sobre O Quijote, un traballo de 3ºB coordinado polo profesor de Lingua Castelá e Literatura David Fernández, coa colaboración da profesora de Debuxo Cristina Fernández, coa cal traballaron a parte do deseño .



O xogo atópase na Biblioteca para aqueles que queiran comprobar os seus coñecementos sobre a obra de Miguel de Cervantes. Ao igual que os xogos de asociación antes mencionados.

A Biblioteca, lugar de convivencia

A Biblioteca do IES amplía a oferta lúdica para os recreos: damas, xogos de mesa, puzzles colectivos e pintura así como un obradoiro de gancho, outro de debuxo e o de xogos e videoxogos, este último organizado polo profesor David Fernández. Estas foron algunhas das novidades deste curso. Estas iniciativas fan da nosa Biblioteca un lugar inclusivo e de convivencia, na que todo o mundo é ben recibido .



PORTADAS DE LIBROS E ILUSIÓNS ÓPTICAS

Polo Día Libro o Departamento de Debuxo levou a cabo a actividade de Dinamización da lectura, co alumnado de 3º e 4º da ESO. O exercicio consistiu en sacar unha fotografía coa portada dun libro colocada sobre partes do corpo para enganar ao cerebro e facerlle crer que a imaxe ten continuidade fóra do libro.



PLANTANDO ÁRBORES CON PINCEIS

PLANTANDO ÁRBORES CON PINCEIS é un proxecto escolar pola sustentabilidade que une cultura e coidado do medioambiente a través da realización no centro de Murais Artísticos, Colaborativos e Ecolóxicos con pinturas fotocatalíticas anticontaminación, que absorben e depuran os contaminantes que hai no aire, como os óxidos de nitróxeno e outros gases nocivos da industria e o tráfico rodado. Unha iniciativa innovadora que ten como obxectivo chegar ao estudiantado unha mensaxe positiva sobre o coidado da contorna, propoñendo alternativas de lecer que fomentan o respecto ao medio natural a través da arte, cunha metodoloxía participativa e colaborativa. Esta actividade complementouse cun Taller de pintura de bolsas alumnado de 1º, 2º da ESO.



Taller de mural no que colaborou o alumnado de 3º ESO dirixidos polo artista David Brey Vázquez. O mural está inspirado na Peneda, na eclipse solar do 8 de abril e nas viaxes que emprenderán nas súas vidas levando sempre un anaco do IES de Monterroso no seu corazón.

MULLERES BRAVAS

As alumnas de 2º de Bacharelato, realizaron os seguintes debuxos para o Día da Muller Traballadora. Quixeron homenaxear a mulleres bravas que loitaron polos seus ideais e alzaron as súas voces para que hoxe as novas xeracións poidan tomar prestadas as súas verbas.



Coco Chanel, diseñadora francesa referente da moda e a elegancia.



Simone de Beauvoir foi unha escritora, profesora e filósofa que se caracterizou por defender os dereitos humanos e é unha precursora do feminismo tal e como o coñecemos hoxe.



María Zambrano, escritora e filósofa española, exiliada trala Guerra Civil Española, e gran defensora da igualdade.



Frida Khalo, artista mexicana, icona de forza, resistencia e personalidade.



Gené Tierney, unha das actrices máis fermosas de Estados Unidos durante a época do Hollywood dourado, a cal sufriu un trágico final.



Emily Dickinson, poetisa estadounidense, á cal non lle gustaba seguir as normas da época, criticaba a relixión, estaba en contra dos roles de xénero e mantivo unha relación con outra muller.

EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS

Coma todos os anos, a Consellaría de Educación envía uns carteis con información sobre o autor/-a á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, este ano a Luísa Villalta. Fíxose unha exposición con estes carteis e os tramos buscaron alí información para realizar os traballos que as profesoras de Lingua lles pediron e para a elaboración do podcasts que sobre esta autora se realizou.



Luísa Villalta



Abri a boca en ti, onde as
estrelas configuran a
constelación dos
nosos nomes



Unha GUERRA sea SEMPRE aínda
DESDE moi LONXE un Estertor TERMINANTE
VÉN procurar os CRISTAIS da Cidade
QUE se DESPIDE continuamente de SI MESMA



Dor, amor, dor de ti,
do que xa se dixo,
do que todos
os humanos damos en ser cando non
somos nada
Cando o riso se enguedella no fundo do
ventre
e quere anoxar-se, temperán, á soga da
mandrágora.



A man, esta
MAN QUE TE

PROCURA

debuxa o

lento amañece

SOBRE O

TEU


CORPO




Traballos realizados por 2º Bacharelato

CALIGRAMAS

O alumnado de 4º da ESO honrou a Luísa Villalta elaborando caligramas a partir dos seus poemas.




"LESTE" Pagagais Pagagais



"Indixena da coleccion", Luísa Villalta

Liam

na Botana Rivas
"LESTE" ~~~~~
PEUSAR É ESCURO.



Pensar é escuro.

ao vento soón a man
velaí ven nen a man
mais este velaí ven
Os guarda rhuvas fio vivos bai xo os move
torán tranquilo

(Pagagais, 2006)

CALIGRAMAS LETRAS GALEGAS

ÁNGEL ULLOA BRAN VESO




Pensar é escuro
Luisa Villalta.

Luisa Villalta:



Título: A estación
Libro: En concreto 2004


Inia Vázquez López X'eso A.
Caligrama Poema Luisa Villalta:



Ruido (Espiral Maior)
1995

Jessica Buido Diaz

A ESTACIÓN
Luisa Villalta



Onda nós nunca pasan os trens, só chegan ou parten. Por iso tamén somos nós a nosa última estación, o noso amor definitivo.

CONFERENCIA XAVIER SENÍN

O día vinte e catro de maio tivemos a honra e o pracer de ter con nós a Xavier Senín, autor do libro de relatos, *O alfaiate portugués*, que o alumnado de 4º da ESO e de 1º de BAC leu no terceiro trimestre.

Como tradutor, Xavier Senín ocupa un espazo de relevancia tanto pola cantidade como pola calidade das súas achegas. Ten no seu haber numerosas traducións, principalmente do francés e do castelán (a obra de Senín como tradutor abarca desde clásicos como *El Quijote* a libros de literatura infantil e xuvenil, cómic). Ademais é presidente da Asociación de Tradutores Galegos (ATG), creada en 1985 e foi redactor responsable da edición galega d'O Correo da Unesco desde a súa aparición en 1989 ata 2001.

A Real Academia Galega nomeouno académico correspondente en outubro de 2020. Ese mesmo ano recibiu o Premio Nacional á Obra dun Tradutor de mans do Ministerio de Cultura de España, o máximo galardón a nivel estatal.

Xa anteriormente gañara o premio Loís Tobío da Asociación Galega de Escritores de 2008 á tradución A odisea contada aos nenos e o premio Fervenzas literarias ao mellor libro traducido de Literatura infantil e xuvenil de 2015 por *O papiro do César*.

É coautor do libro “*María Vitoria Moreno. Sementadora de futuro*” e autor do libro “*O alfaiate portugués*”

Xavier falounos do seu libro, de como naceu a idea, a estrutura de cada texto, de onde saen as historias e fixo fincapé nas que se localizan en Antas e Monterroso.

Tamén nos explicou que é un escritor, se se pode vivir de escribir e citou algúns exemplos...

Por último dedicou un tempo a asinar exemplares.

Foi un encontro moi produtivo que agardamos que se poida repetir.

Grazas Xavier por todo.

Ata outra.



SOMOS INCÍVICOS?

CIVISMO

É un conxunto de comportamentos, actitudes e valores que promoven o respecto, a responsabilidade e a convivencia pacífica na sociedade.

INCIVISMO

Implica actuar de xeito contrario a estes principios, mostrando falta de consideración cara aos demais e desobedecendo leis e normas sociais aceptadas por unha comunidade. Trátase de comportamentos irrespetuosos, disruptivos e perxudiciais para o benestar da sociedade.

SINÓNIMOS DE CIVISMO

CIDADANÍA: Ser cidadán implica ter dereitos e deberes dentro da comunidade.

RESPECTO CÍVICO: Ter consideración e cortesía cos membros da sociedade.

CONCIENCIA CÍVICA: Comprensión e sensibilización cara os asuntos públicos e sociais.

PATRIOTISMO: Lealdade cara o país ou comunidade.

COMPORTAMENTOS INCÍVICOS:

a. No traballo:

- Insultar, intimidar ou xerar hostilidade verbal ou física cara os compañeiros ou superiores.
- Descoidar ou danar o patrimonio empresarial.
- Crear desorde nos espazos comúns.

b. No deporte:

- Falta de respecto cara o rival.
- Non respectar as regras do xogo.
- Agresión verbal ou física.



c. No turismo e no ocio:

- Tirar lixo en contornas naturais ou urbanas.
- Non coidar o patrimonio cultural.
- Comportarse de forma ruidosa e non respectar o tempo de descanso dos cidadáns.
- Ser irrespetuoso cos veciños do lugar e cos seus costumes.
- Non facer un uso eficiente da auga.
- Mostrarse descortés ou agresivo cos empregados e cos clientes dos locais de ocio.

d. No centro educativo.

- Condutas disruptivas na aula.
- Falta de respecto cara os compañeiros e membros da comunidade educativa.
- Causar danos materiais.
- Facer un uso inadecuado dos equipos e materiais.



e. Na comunidade de veciños:

- Non manter en bo estado as zonas comúns, como corredores, escaleiras, ascensores, patios, xardíns, piscinas ...
- Deixar o lixo en lugares indebidos e a deshoras.
- Non respectar as horas de descanso poñendo música excesivamente alta, facendo ruído, dando portazos, etc.

A INFLUENCIA DA IDADE, XÉNERO, RAZA... NA PERCEPCIÓN DO CIVISMO

- A percepción do civismo pode variar segundo a idade debido a diferenza xeneracional e as experiencias da vida. Os mozos soen ter puntos de vista diferentes sobre o civismo en relación á xente maior.
- A percepción do civismo tamén pode mudar segundo o xénero debido as expectativas sociais e culturais que se asocian a cada género.
- A discriminación racial repercute no xeito de entender o civismo.
- As diferenzas culturais e de crianza condicionan a maneira de practicar o civismo por cada individuo.
- As diferenzas socioeconómicas tamén interveñen na percepción do civismo.

MEDIDAS CONTRA OS COMPORTAMENTOS INCÍVICOS

- Educar e concienciar da importancia do civismo e dos efectos negativos dos comportamentos incívicos na sociedade con campañas de sensibilización, charlas educativas nos colexios, obradoiros e materiais informativos.
- Normas e regulamentos claros que definan os comportamentos aceptables, e os que non o son, en diferentes contextos.
- Implementar consecuencias proporcionadas para aqueles que violen as normas establecidas. Isto pode incluír avisos, multas económicas, sancións disciplinarias ou accións legais segundo a gravidade do comportamento incívico.
- Fomentar a responsabilidade individual e colectiva alentando ás persoas a asumir a responsabilidade das súas accións e a respectar os dereitos dos membros da comunidade.



Traballo realizado polos alumnos de Formación e Orientación Persoal e Profesional de 4º da ESO

ADEUS

No salón de actos do IES de Monterroso celebrouse o día 15 de maio a graduación de 2º BAC. Foi un acto moi emotivo ó que tamén asistiron as familias e amigos. A comunidade educativa deste centro deséxalles a estes rapaces e rapazas o mellor.



GRADUACIÓN 2º BAC - 15/5/2024

Boas tardes a todos, membros da dirección, compañeiros docentes, persoal do centro e familias...

Pero sobre todo boas tardes ós meus queridísimos titorandos de 2º de BAC, nesta tarde tan especial para vós, na que non quería enrollarme demasiado, posto que é a vosa tarde, aínda que xa sabedes que a min o de non enrollarme non se me dá moi ben.

Cando fai 2 semanas empecei a tomar algunhas notas para este día, vendo que isto se me botaba enriba, comecei a dubidar. Dubidar porque a esta humilde titora non se lle ocorría qué dicirle a estas personiñas coas que levo xa 4 anos compartindo tempo, 4 anos de crecemento para todos vós, pero tamén para min. Pensei que co paso dos anos isto sería máis fácil, que xa estaría un curtido no momento de botar a vista atrás, mais estaba moi equivocada pois co paso dos anos as relacións vólvense máis especiais e os vínculos máis fortes.

E botando a vista atrás, recordei a aquel grupo de 3º da ESO, naquel momento tan diferente que nos tocou vivir, a pandemia. Grupo ó que nin sequera lles vía a cara, pois todos levabamos posta unha mascarilla. De feito, cando comezamos a quitar as mascarillas, había algún ó que non era capaz de recoñecer. Naquel ano pasaron moitas cousas. Por exemplo, recordo aquel confinamento no que nos tivemos que conectar por video conferencia, con aqueles fondos que tiña algún, momento no cal despois me confesariades que algún aproveitaba para xogar ó Fortnite mentres eu vos falaba dende o meu equipo. Tanto foi así que incluso Roi estaba tan absorto co xogo,

que un día no que lle tocaba facer unha presentación non se enterou de que o estaba chamando. A pesar de todo, o ano foi pasando, mentres eu non paraba de repetirvos as ganas que tiña de darvos clase en 4º. E aí chegou 4º, aínda que algúns xa se nos foran quedando polo camiño. Para compensar as perdas, apareceu Mara co seu fermoso acento, e a súa incoherencia de vestimenta, con tirantes en decembro e plumífero en maio. Mentres, Patricia e Dayanna sempre aproveitaban para pedirme algunha película de princesas e fadas cada vez que tiñamos a ocasión de ver algo en versión orixinal. Aí tivemos outro momento, coa palabra “since”, xa que vos expliquei que cada vez que diciades /sains/ morría unha fada no bosque. Gracia facíavos cada vez que volo dicía, agora que aprendelo custou, e aínda algún neste ano a pronunciou mal nalgunha exposición (é que non hai maneira). E chegamos a 1º de BAC, coas despedidas de moita xente querida tamén, pero coa chegada doutros compañeiros que tamén enriquecerían o grupo. A nivel académico? Bueno, iso non o sei, pero o certo é que sempre fixeron a clase moito máis divertida. E seguimos aprendendo, e ata Cristina aprendeu a xestionar o seu tempo con mestría, como vén de demostrar no último exame. Tamén cabe destacar o moito que desenvolvestes a vosa competencia dixital, doutra maneira non teríades un dominio tan avanzado do chat gpt e do tradutor do Google, que pouco a pouco nos levou a 2º de BAC para que eu vos seguise martirizando con máis gramática e máis fonética. E cada vez que me mandabades un correo na vosa lingua, eu de pesada vos contestaba en inglés. Pouco a pouco fun conseguindo que tamén me contestarades en inglés. Daniel un día contestoume utilizando un perfecto terceiro condicional e eu, case choro da emoción.

Quero pensar que polo camiño fostes aprendendo algo, a base de tanto machacarvos, e espero que non me deixedes mal agora: Por exemplo aquilo de: “Nunca na parte do if pode ir un ...” ou “Se quero poñer unha cláusula despois de In spite of, teño que engadir...”

Creo que isto si que o aprendestes. A semana pasada tiven un gran momento de orgullo cando ata Manuel e Marcos decidiron incluír esta expresión nas súas redaccións finais, e usándoas correctamente! In spite of the fact tamén me leva a outro momentazo. Foi a semana pasada, eles estaban facendo o exame de ABAU, e eu corrixiendo o de gramática, cando me deu un ataque de risa, e todos me miraron como se xa tolease de todo. Logo expliqueilles, Hugo puxera “In spite of the fuck...” O que saiba inglés xa me entenderá... Momentos de risas moitos tivemos, co fútbol como protagonista tamén. Agora os siareiros do Barça tamén saben “Que pa’ chulo e can de caza, hai que ser de raza”, que non só foi aprender inglés. Por certo, espero que non sufrades moito o 1 de xuño, porque xa sabedes que o Madrid non xoga finais. Tamén nos deu tempo a debater o que era o fútbol profesional, non si, Hugo? e agora por fin, o depor volve a ser profesional!

E agora toca deixar todo iso atrás.

Hoxe a vosa vida cambia para sempre, hoxe é o inicio da vosa vida de adultos. Probablemente hoxe sexa un dos últimos días no que esteades todos xuntos, mais fagades o que fagades, vaiades onde vaiades, sempre vos ides acordar dos anos de instituto.

A aventura que tedes por diante é unha viaxe marabillosa, mais tamén estará chea de retos e dificultades para lograr os vosos obxectivos. Nela, teredes que desenvolver todo o voso potencial, que é moito.

O instituto foi o ensaio xeral para a vida que vos agarda. Estadés a punto de comezar a maior improvisación da vosa vida, a miúdo con persoas e lugares que nunca vistes antes.

Ante todas estas incertidumes, o meu último consello é que teñades unha visión da vida que queredes ter, e que aínda que non coñezades o plan ó 100%, si saibades a dirección na que queredes ir.

A vosa inexperiencia será unha vantaxe, xa que vos fará pensar de forma orixinal e pouco convencional, e daravos a forza para enfrentarvos ós retos que están por chegar. A medida que envellecemos, facémonos máis temerosos e menos flexibles, así que mantede a mente aberta a todas as posibilidades e limitade tanto os vosos “sempre” como os vosos “nunca”. Aprendede de cada erro porque cada experiencia, e particularmente os erros, está aí para ensinarvos e forzarvos a ser quen sodes, e despois averiguar o movemento correcto.

Sodes todos unhas persoas marabillosas que fixestes o meu traballo como titora moi fácil e foi un pracer estar con vós estes 4 anos. Espero que teñades aprendido de min algo, como eu aprendín de vós e por último, dicir que deixades todos e cada un de vos unha huella imborrable en min e no meu corazón.

E como o inglés ten que estar presente ata o último minuto, voume despedir cunha cita de:

Abraham Lincoln “The best way to predict your future is to create it.”

Sorte e saúde, e a desfrutar da noite!



CAMIÑO DE SANTIAGO

Coma todos os anos o EDLG remata o curso coa realización dun tramo do Camiño de Santiago. Este ano tocou Triacastela-Sarria, un tramo moi fermoso con partes máis difíciles e con partes máis doadas pero todas elas cheas de encanto. Nesta actividade plurianual e interdisciplinar o noso alumnado e o profesorado acompañante puideron observar a flora e a fauna desta zona de Galicia, a variante dialectal, os tipos de construcións, os teitos...

Esta é unha experiencia marabillosa e xa estamos pensando na etapa Sarria-Portomarín que nos toca para o curso vindeiro.

Ata o ano!



INTERCAMBIO

Este curso o EDLG en colaboración co departamento de Lingua e L. Galega coordinou un intercambio co IES Faro das Lúas de Vilanova de Arousa. Este intercambio durará dous cursos, 23/24 e 24/25. Neste proxecto participou o alumnado de 3º da ESO dos dous centros. Durante o curso mantiveron unha relación epistolar e o día dezaoto de xuño invitáronnos a pasar unha xornada de convivencia en Vilanova de Arousa durante a cal se coñeceron persoalmente e forxaron amizade.

Foi un día inesquecible, tras as presentacións amosáronnos o seu centro e despois acompañáronnos a facer un roteiro guiado polos principais puntos da vila con visita á casa de Valle-Inclán. Despois de invitarnos a xantar leváronnos á praia do Terrón onde a rapazada participou nunha serie de xogos inclusivos ademais de gozar da paisaxe mariña.

Durante o curso 24/25 continuaremos co intercambio e co mesmo alumnado que estará en 4º da ESO, seguirán mantendo unha relación epistolar e tocaranos a nós facer de anfitrións.

Este intercambio pensouse cun centro da costa para que o alumnado poida comparar as variantes dialectais, ver as diferenzas costa- interior...



Pasámolo xenial e foi moi produtivo. Agora só queda agardar a que comece o curso para continuar co proxecto e de momento descansar e gozar das vacacións que temos ben merecidas, non sen antes agradecer ó IES Faro das Lúas, ó seu EDLG e en particular á Fátima, Raquel e a Kito pola atención que tiveron con nós.

Moitas grazas e ata setembro.

Bo período de lecer!








INTERCAMBIO



1º/2º ESO

3º/4º ESO





Verán 2024



ADULTOS

Proposta de lecturas para o verán

BIBLIOTECA I.E.S. MONTERROSO



@biblioiesmonterroso

Praia, montaña, mar, sol... libros.

Bibliotecas escolares de Galicia

